

Acordos do pleno do Consello Social do ano 1989

- Designación dos membros do Consello Social nas Comisións creadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Para a Comisión de Estudio da segregación de Centros da Universidade: D: José Paraños Pardo e D. Segismundo García García. Para a Comisión que se encargue de analiza-los posibles perfís dos Campus Universitarios: D: José Lores Rosal e D. Santiago Nogueira Romero.
- Situación do Control Presupostario da Universidade 1988, acordándose solicitar á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma unha auditoría da Universidade correspondente ó exercicio 1988.
- Actualización do importe da matrícula nos Cursos do Instituto de Idiomas da Universidade.
- O día 10 de maio tivo lugar o cambio da sede do Consello Social, pasando este a ocupa-las novas instalacións na restaurada Casa da Concha, celebrándose o Pleno o día 17 de maio de 1989 nos novos locais.
- Aprobación das solicitudes de diversos Centros para a realización de transferencias de gastos correntes a gastos de capital.
- Ratificación da proposta do equipo rectoral sobre o recoñecemento dos trienios ós Profesores dos Colexios Universitarios polos servicios prestados antes da súa integración na Universidade.
- Aprobación do Cadro de Persoal Funcionario da Universidade.
- Aprobación do Cadro de Persoal Laboral da Universidade.
- Aprobación do Regulamento de Colaboración do P.A.S. en proxectos de investigación.
- Aprobación do Regulamento de Contratación da Universidade.
- Formula-lo pedimento á Comunidade Autónoma dos recursos para atender ás necesidades adicionais do Presuposto da Universidade. Exercicio 1989.